

ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DE DONIÑOS DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2016

No local da Asociación de Veciños de Valón, situado no Lugar da Torre s/n, Ferrol, sendo as 19:15 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio de Doniños cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Andrea Rico Adegas da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	12	Nº de homes:	8
		Nº de mulleres:	4

Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación dá a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Andrea Rico da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar iniciábase un debate sobre o sentir desta asemblea relativo á participación cidadá na que interveñen diversos veciños e veciñas das que están presentes recolléndose a modo do resumo as seguintes conclusións:

- Tense a sensación de que con esta asemblea o que se pretende e volver a empezar outra vez coa participación cidadá.
- Falta publicidade deste proceso asembleario.
- É preciso revisar o modelo que se plantexa para este novo proceso de asembleas.
- Téñense que ter en conta as particularidades da zona rural.
- Nos procesos de participación que se celebraron anteriormente xa saíron as necesidades de Doniños, e o Concello xa as coñece pero non as executa.
- Proponse que as asembleas sexan máis concretas. Traer proxectos concretos, expectativas concretas e sobre todo compromisos.
- Necesitase que a cidadanía participe e que se den explicacións de porque se fan ou non se poden facer as cousas.
- Se non se dá resposta as propostas pendentes a xente non participará.

En segundo lugar procedese a escoller os representantes de Doniños tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Non se presentaron candidaturas previas á celebración da Asemblea, e tampouco existen ningunha persoa das presentes que se postule como candidato/a no momento de celebración da asemblea, motivo polo que non se elixe ningún representante nin para as vicepresidencias da asemblea de barrio nin para o Consello da Veciñanza no barrio de Doniños, quedando pendentes da súa elección.

A continuación presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase novamente un debate entorno á participación cidadá do que se extraen as seguintes conclusións:

- Hai que traballar por incorporar á xente nova.
- Algo non funciona na participación cidadá, haberá que analizar os motivos, pois cada vez participa menos xente.
- É preciso mellorar as canles de comunicación no relativo á convocatoria da Asemblea e sobre todo marcar as convocatorias con mais antelación para facilitar a difusión das mesmas.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:55 horas.

O concelleiro delegado da área de
Participación, Novas Tecnoloxías
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro